

ADDENDA CUARTA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A ASOCIACIÓN AUTISMO OURENSE, PARA POSIBILITAR O USO DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR DO ALUMNADO CON DISCAPACIDADE NUN CENTRO EDUCATIVO RADICADO NA PROVINCIA DE OURENSE

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril, actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra, Ángel Domínguez Vispo, que actúa no nome e representación da Asociación Autismo Ourense, na súa calidade de presidente, nomeado en virtude do acordo adoptado pola assemblea xeral celebrada o día 14 de xuño de 2024.

EXPOÑEN

I.- Que o 15 de xuño de 2021 a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación Autismo Ourense asinaron un convenio de colaboración para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar ao alumnado con distintos tipos de discapacidades nun centro educativo radicado na provincia de Ourense (CEEPR Ilustre Mestre). O 9 de xuño de 2022 asinaron unha addenda ao convenio de colaboración para o curso escolar 2022-2023. O 23 de xuño de 2023 asinouse a addenda segunda para o curso escolar 2023-2024. A addenda terceira asinouse con data do 31 de xullo de 2024 para o curso escolar 2024-2025.



II.- Que as necesidades de uso do servizo de comedor escolar para o alumnado con distintos tipos de discapacidades que motivaron o asinamento do convenio manteñen a súa vixencia para o curso escolar 2025-2026.

III.- Que a cláusula décimo terceira do convenio prevé a posibilidade de prórroga por cursos escolares completos, sempre que conste expresamente a vontade das partes asinantes do convenio.

De acordo con todo o anterior, e co obxectivo de garantir o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require unha atención específica e preferente, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación Autismo Ourense acordan a sinatura dunha cuarta addenda para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar ao alumnado con distintos tipos de discapacidades nun centro educativo radicado na provincia de Ourense (CEEPR Ilustre Mestre) con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Constitúe o obxecto desta addenda, estender a vixencia do convenio asinado o 15 de xuño de 2021 durante o curso escolar 2025-2026.

Segunda.- Financiamento para o curso escolar 2025-2026

A consellería colaborará coa Asociación Autismo Ourense cunha achega económica de 2,88 euros por usuario, sendo a aportación máxima de 5.126,40 € (2.044,80 € no ano 2025 e 3.081,60 € no ano 2026), para un número máximo de 10 usuarios autorizados, que se financiará con cargo á partida orzamentaria 07.01.423A.221.07 dos orzamentos xerais de gastos da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2025 e 2026.

Terceira.- Publicidade e rexistro da addenda cuarta. consentimento para a publicidade de datos persoais

O réxime de publicidade desta addenda será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A sinatura desta addenda leva implícita a autorización para o



tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederáse a inscrición desta addenda no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura desta addenda as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos os datos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Cuarta.- Condicións

Esta addenda rexeráse polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo, sen prexuízo da aplicación para o curso escolar 2024/2025 do financiamento establecido na cláusula segunda da presente addenda.

Estando conformes co estipulado, asínase esta cuarta addenda na data da súa sinatura dixital.

O conselleiro de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional

P.D. (Orde do 05.06.2024)

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López

O presidente da Asociación Autismo
Ourense

Ángel Domínguez Vispo

